



Estimadas familias de 2º, 3º E 4º da ESO:

Dende a Anpa Rou, e coa intención de facilitar a recadación para sufragar a excursión da Semana Branca proposta para 2º e 3º da ESO e a excursión de fin de curso de 4º da ESO poranse a disposición das familias **rifas para o sorteo dunha cesta de produtos de Nadal** no que o número premiado terá que coincidir cos catro últimos números do primeiro premio da lotería nacional do 6 de xaneiro de 2025.

Cada alumno/a que o desexe poderá solicitar, mediante este formulario: <https://forms.gle/fP7n9hLevXpXKvQj6> nun primeiro momento **1 ou 2 tacos (50 ou 100 rifas)**, a vender a 1 € cada unha.

A Anpa cederá unha cesta (doadada polo Carrefour de Travesía de Vigo, Produtos Luicar e dulces “El Patriarca”) a sortear, e encargarse da xestión das participacións, que se entregarán de maneira gratuíta para os asociados. As familias **non socias** e que desexen vender rifas deberán **aboar 8€ por cada taco de 50** rifas no momento de recollelas (gastos de xestión).

O venres 8/11/2024 entregaranse as rifas no **1º recreo (10:10 h.) no hall na mesa onde está o buzón da ANPA**, ó alumnado as rifas que previamente sexan **reservadas** mediante a contestación **a este formulario:** <https://forms.gle/fP7n9hLevXpXKvQj6> que debe ser cuberto **antes das 23:59h do xoves 7/11/2023.** Cada familia decidirá si colle 50 ou 100 rifas, ese primeiro día de reparto.

Avisaremos de novos días de recollida para aqueles que desexen coller máis tacos de rifas ou que decidan collelas máis tarde por primeira vez.

O máximo de rifas que cada alumno/a poderá solicitar é como máximo o custo que terá a excursión.

ANPA IES ROU